

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE XANEIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de xaneiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de xaneiro do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

RIB/N/60.5/08.- Solicitante don CANDIDO VÁZQUEZ MOSQUERA.

Dase conta por parte do secretario do expediente instruído por don Candido Vázquez Mosquera relativo a solicitude de Proxecto de reforma parcial da adecuación de edificio para casa rural.

Consta informe de secretaría no que se fan as seguintes consideracións:

“1º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxeto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licencia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

2º.- O expediente actual estaría suxeito en principio a tramitación do Decreto 133/2008 polo que se regula a Avaliación de incidencia ambiental, non obstante, non se lle aplicarán as normas do mesmo en base a previsión do apartado 4.2 do anexo 2, que exclúe expresamente as instalacións de turismo rural, e considerando o informante que

aínda que non haxa un encaixe directo no apartado 4.1 do anexo 2, por razóns de seguridade xurídica sería conveniente a inclusión do centro de turismo rural no catálogo de actividades recreativas no Decreto 292/2004 do 18 de novembro, e por tanto sería de aplicación o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado por RD 2816/1982 do 27 de agosto. En calquera caso se evacuará consulta a administración competente, que será a que decida si se lle aplica os condicionantes da citada norma.

3º.- En caso de ser aplicable o mesmo, podería existir un problema interpretativo en relación co art. 37 parágrafos 1 e 2 do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, sobre todo pola remisión que o mesmo fai ao art. 29 do RAMIN, norma derogada pola Disposición derradeira do Decreto 133/2008 en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 1/95 da Protección ambiental de Galicia, de xeito que polo principio de seguridade xurídica entendemos aplicable non o art. 29 do RAMIN senón na medida do posible o art. 7 do Decreto 133/2008.

4º.- Por outra banda o informe técnico recolle o seguinte:

“A nomeada edificación atópase dentro da delimitación de Solo Urbano de Núcleo Rural das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, sendo de aplicación a Ordenanza 4.11.- Ordenanza SU/NR: Solo Urbano en Núcleo Rurais. As obras que se pretenden enténdense permitidas pola citada normativa urbanística vixente.”

Entendendo que o solo urbano de núcleo rural correspondería a solo de núcleo rural de acordo coa interpretación da Lei 9/2002 (Disposición transitoria segunda) sería conveniente aclarar dous aspectos fundamentais como son:

Primeiro: *A compatibilidade das normas subsidiarias municipais vixentes co PXOM.*

Segundo: *Se a licenza solicitada estaría afectada pola suspensión de licenzas adoptada mediante acordo plenario de data 30.10.08.*

CONCLUSIÓNS:

Deberanse aclarar os seguintes aspectos para continuar coa tramitación do expediente:

Primeiro: *Clarificación da compatibilidade da actividade co planeamento urbanístico vixente en solo de núcleo rural e por tanto de si a mesma está afectada pola suspensión de licenzas*

Segundo: *Aclaración dos posibles condicionantes técnicos aos que estaría sometida a actividade de conformidade co “Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas”, sen perxuízo de que a administración competente poida determinar a non inclusión desta actividade no citado regulamento.”*

Consta informe da arquitecto municipal dona Mercedes Álvarez López de data 7.01.09 no que se conclúe o seguinte:

“En conclusión, dado que o uso de turismo rural atópase entre os usos admitidos en Solo de Núcleo Rural tanto na Lei 9/2002, como nas NNSSPPMM e no documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal; e a edificación obxecto do presente informe non se atopa afectada por ningunha vía, infraestrutura, equipamento ou espazo libre; e que ademais as obras que se pretenden son actuacións de mellora da protección contra

incendios, que non modifican substancialmente as características tipolóxicas e estruturais, contando coa Resolución autorizando a intervención da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense; por todo elo, considerase da compatibilidade da actividade no planeamento urbanístico vixente e que non se atopa afectada pola suspensión de licenzas. Esta técnico, sen menoscabo do que a administración competente poida determinar, entende que o tratarse do uso de turismo rural, é dicir asimilable ó uso hoteleiro, que se trata dun uso non recollido no nomenclator do *Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas*, considerase máis correcto a aplicación das normas técnicas derivadas do Código Técnico da Edificación.”

A este respecto o secretario considera oportuno solicitar a Consellería de Presidencia aclaración sobre si é competente para intervir nestes ámbitos.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros remitir o expediente a Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración Pública, aos efectos xurídicos correspondentes.

1.- EXPEDIENTE RIB/S/224/07

“Visto o escrito de don Guillermo López Carballal en repres. De Construcciones López Carballal, S.L., onde solicita Licenza de Obras para rehabilitación de vivenda, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 16.01.09 no que se fan as seguintes consideracións:

A citada documentación técnica, “Proxecto Básico para Rehabilitación de edificio para 4 vivendas e locais”, “Reformado, outubro 2008 do Proxecto Básico e Proxecto de Execución” e “Reformado, decembro 2008” está redactada polo arquitecto D. Luís A. Chao Gómez, estando o seu cargo a Dirección das Obras.

Presentase Oficio de Dirección da Execución Material das Obras e Oficio de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde, a cargo do arquitecto técnico D. Marcos Chao Amaro.

A documentación técnica que se presenta da resposta ó requirido polas Comisións de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 29 de maio de 2008, 9 de setembro de 2008 e 15 de decembro de 2008.

As obras a realizar abarcan a actuación integral das plantas segunda, terceira e baixo cuberta da edificación, consistente na substitución dos elementos da estrutura horizontal, de madeira, en estado deficiente; distribución completa interior nas citadas plantas, contemplándose o uso dunha vivenda por planta; recuperación completa das fachadas principal e posterior, e execución de nova cuberta.

Aínda que o Proxecto Técnico se denomina de “Rehabilitación de edificio para 4 vivendas e locais”, segundo datos aportados polo redactor do proxecto no “Reformado, decembro 2008”, a actuación non inclúe a vivenda da primeira planta nin o local, agás as reparacións necesarias consecuencia das obras nas outras plantas.

Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal: “O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras de demolición interior, para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras”.

Antes do inicio das obras deberá presentarse o correspondente Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións de acordo co RD Lei 1/98.

A edificación atópase situada dentro da delimitación do Conxunto Histórico de Ribadavia, polo que se entende que está exenta da paralización de Licenzas inherentes á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, apartado f) do acordo de aprobación inicial, xa que no citado documento non se recollen modificacións neste ámbito.

As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*; manténdose o uso residencial existente, que se inclúe como uso protexido ou recomendado no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso das Ordenanzas da citada normativa*.

Por todo elo, infórmase favorablemente a concesión da correspondente Licenza de Obras, debéndose ter en conta a consideración anteriormente citada.

O Prazo de inicio das obras é de un (1) ano e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión de Licenza de Obras.

O Presuposto de Execución Material estimado é de 163.489,22 € (cento sesenta e tres mil catrocentos oitenta e nove euros con vintedous céntimos).

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1.- De conformidade co art. 21 do Plan especial do conxunto histórico de Ribadavia en relación co capítulo 1º do título 6º as obras que se pretenden realizar son obras permitidas.

2.- O art. 194.2 establece que estarán suxeitos a previa licenza municipal, a primeira utilización dos edificios, para o cal de acordo co art. 195.6 esixírase certificado final de obra de técnico competente no que consten que as obras están completamente terminadas e se asustan a licenza outorgada e a previa comprobación dos servizos técnicos municipais.

CONCLUSIÓNS

Infórmase favorablemente o outorgamento da licenza a favor de Guillermo López Carballeda que unha vez rematada as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación e sen perxuízo de que en caso de querer realizar calqueira actividade deba solicitar a correspondente licenza de apertura.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para reforma de vivenda.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo

acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: rehabilitación de vivenda.

Contía na que se orzan as obras: 163.489,22 €

Situación e emprazamento das obras: Praza Maior nº13-Tomás de Lemos nº6

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Jose Benito Dávila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Construcciones y Excavaciones López Carballal, S.L.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 163.489,22 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 4.250,72€ a ingresar.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras de demolición interior, para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1.- Dase conta por parte do sr. Secretario do escrito de dona María Dolores López Rodríguez con data de 23.01.09 e nº RE 731 no que se dí que *“coma en anos anteriores, coa chegada do mes de xaneiro as taxas (de abonos, publicidade e gastos de mantemento das prazas vendidas) deste parking incrementaranse, dacordo coa subida do IPC, nun 1,4%”*.

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal en repres. De Construcciones y Excavaciones López Carballal, S.L.** con domicilio na rúa Lucía nº22, Francelos, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Praza Maior nº13-2º e Tomás de Lemos nº6, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal en repres. De Construcciones y Excavaciones López Carballal, S.L.** con domicilio na rúa Lucía nº22, Francelos, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Praza Maior nº13-3º e Tomás de Lemos nº6, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal en repres. De Construcciones y Excavaciones López Carballal, S.L.** con domicilio na rúa Lucía nº22, Francelos, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Praza Maior nº13-Baixo cuberta e Tomás de Lemos nº6, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

“Solicitude de información urbanística interesada por **don Julio A. Rodríguez Soto**, con domicilio en Francelos, Ribadavia con número de rexistro de entrada 6823. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 20.01.09 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Francelos (Ref. Catastral 9510216NG6891S0001IS), a solicitude de don Julio A. Rodríguez Soto, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Dase conta por parte do sr. Secretario do escrito da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza de data 21.01.09 e nº RE 676 relativo a xuntanza do Corpo de bombeiros.

2.- Dase conta por parte do sr. Secretario do escrito da Asociación española de cidades do viño de data 19.01.09 e nº RE 533 mediante no que se aproba a certificación da Ruta do viño do Ribeiro como ruta do viño de España, procedendo a incorporar de oficio a ACEVIN en calidade de socio colaborador ao ente xestor da ruta do viño.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “Pavimentación rúa Baixada o Concello e reposición da pavimento na rúa Oliveira” redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo con un presuposto de execución material de 35.838,18 € e cun total de presuposto de execución de contrata de 49.471,02 €.

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data 20 de xaneiro do 2009 realizada polo Técnico Redactor Don Casimiro Fontenla Bugallo.

2º- Informe da Arquitecta Municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 26.01.09 co seguinte contido:

O citado proxecto está redactado polo enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo.

Respecto da PAVIMENTACIÓN NA RÚA BAIXADA Ó CONCELLO:

A actuación que se pretende é a renovación do pavimento de calzada, mediante aglomerado asfáltico, incluso a sinalización vertical e horizontal correspondente.

A rúa obxecto da presente actuación, rúa Baixada ó concello, atópase incluída dentro do Solo Urbano do núcleo Urbano de Ribadavia, tanto nas NNSMMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas, renovación de pavimentos e colocación de mobiliario urbano nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto da REPOSICIÓN DE PAVIMENTO NA RÚA OLIVEIRA:

A actuación que se pretende é a renovación do pavimento de calzada, mediante aglomerado asfáltico, no tramo de rúa entre a estrada Nnal. -120 e a intersección coa rúa Travesía da Oliveira; execución de pavimentación de enlousado de pedra, no tramo entre a intersección coa rúa Travesía da Oliveira e a intersección coa rúa Trasmesones; e execución de novo pavimento a base de adoquinado de pedra, con franxa central de enlousado de pedra, no tramo entre a intersección coa rúa Trasmesones e a intersección coa rúa Progreso; incluso a sinalización vertical e horizontal correspondente.

En coherencia co resto das actuacións en viais públicos do Casco Antigo, xa executadas, considerase que as tapas das arquetas na zona incluída dentro da delimitación do Casco Antigo deberán presentar acabado superficial de pedra, non de fundición como se proxectan.

A rúa obxecto da presente actuación, rúa Oliveira, atópase incluída dentro do Solo Urbano do núcleo Urbano de Ribadavia, na delimitación da Zona de Protección do Casco Antigo o tramo que vai dende a rúa Tv. da Oliveira ata a estrada Nnal-120, e na delimitación do Casco Histórico no tramo que vai dende a Tv. da Oliveira ata a rúa Progreso, polo que, en base o Artigo 68.- Pavimentacións do P.E.P.R.I. deberá ser obxecto de consulta e aprobación pola Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia; así como da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas, renovación de pavimentos e colocación de mobiliario urbano nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Por outro lado, na execución das obras, deberanse cumprir as condicións sinaladas na Normativa de Barreiras Arquitectónicas: Lei 8/ 1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas e Regulamento de Eliminación de Barreiras, no referido á colocación de sinalización, mobiliario urbano e todos os demais elementos de urbanización.

O Presuposto de Execución Material ascende á cantidade de 35.838,18 € (trinta e cinco mil oitocentos trinta e oito euros con dezaioito céntimos). O Presuposto de Contrata ascende á cantidade de 49.471,02 € (corenta e nove mil catrocentos sesenta e un euros con dous céntimos).

O prazo de execución que se estima no Proxecto Técnico é de 1 (un) mes

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato “Pavimentación rúa Baixada o Consello e reposición da pavimento na rúa Oliveira” a don Casimiro Fontenla Bugallo e aprobación do proxecto “Pavimentación rúa Baixada o Consello e reposición da pavimento na rúa Oliveira” de don Casimiro Fontenla Bugallo por importe de 49.471,02 € .

CONTRATO MENOR DE OBRAS

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura Don Anxo Collarte Pérez relativo a contratación de “Pavimentación rúa Baixada o Consello e reposición da pavimento na rúa Oliveira” a empresa MILCONS, S.L. por importe de 49.471,02 €.

No expediente constan os seguinte elementos:

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.

-Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.

-Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

-Consta informe de Intervención de data 23.01.09 no que se conclúe o seguinte:

“Consta Resolución de aprobación del proyecto del Secretario de Estado de Cooperación Territorial de fecha 07.01.09. Dicha autorización establece expresamente autorización

para la financiación con los recursos del Fondo Estatal de Inversión Local, de acuerdo con el Real Decreto-Ley 9/2008, de 28 de noviembre.

De acuerdo con el referido Decreto, le corresponde al Ayuntamiento de Ribadavia con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local, la cantidad de 953.967 euros. Respecto al proyecto objeto del presente informe, la cantidad asciende a 49.471,02 euros.

Deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal.”

-Consta informe da Arquitecta Municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 26.01.09 co seguinte contido:

O citado Proxecto está redactado polo enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo.

Respecto da PAVIMENTACIÓN NA RÚA BAIXADA Ó CONCELLO:

A actuación que se pretende é a renovación do pavimento de calzada, mediante aglomerado asfáltico, incluso a sinalización vertical e horizontal correspondente.

A rúa obxecto da presente actuación, rúa Baixada ó concello, atópase incluída dentro do Solo Urbano do núcleo Urbano de Ribadavia, tanto nas NNSSMMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas, renovación de pavimentos e colocación de mobiliario urbano nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto da REPOSICIÓN DE PAVIMENTO NA RÚA OLIVEIRA:

A actuación que se pretende é a renovación do pavimento de calzada, mediante aglomerado asfáltico, no tramo de rúa entre a estrada Nnal. -120 e a intersección coa rúa Travesía da Oliveira; execución de pavimentación de enlousado de pedra, no tramo entre a intersección coa rúa Travesía da Oliveira e a intersección coa rúa Trasmesonos; e execución de novo pavimento a base de adoquinado de pedra, con franxa central de enlousado de pedra, no tramo entre a intersección coa rúa Trasmesonos e a intersección coa rúa Progreso; incluso a sinalización vertical e horizontal correspondente.

En coherencia co resto das actuacións en viais públicos do Casco Antigo, xa executadas, considerase que as tapas das arquetas na zona incluída dentro da delimitación do Casco Antigo deberán presentar acabado superficial de pedra, non de fundición como se proxectan.

A rúa obxecto da presente actuación, rúa Oliveira, atópase incluída dentro do Solo Urbano do núcleo Urbano de Ribadavia, na delimitación da Zona de Protección do Casco Antigo o tramo que vai dende a rúa Tv. da Oliveira ata a estrada Nnal-120, e na delimitación do Casco Histórico no tramo que vai dende a Tv. da Oliveira ata a rúa Progreso, polo que, en base o Artigo 68.- Pavimentacións do P.E.P.R.I. deberá ser obxecto de consulta e aprobación pola Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia; así como da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas, renovación de pavimentos e colocación de mobiliario urbano nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Por outro lado, na execución das obras, deberanse cumprir as condicións sinaladas na Normativa de Barreiras Arquitectónicas: Lei 8/ 1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas e Regulamento de Eliminación de Barreiras, no referido á colocación de sinalización, mobiliario urbano e todos os demais elementos de urbanización.

O Presupuesto de Execución Material ascende á cantidade de 35.838,18 € (trinta e cinco mil oitocentos trinta e oito euros con dezaoito céntimos). O Presupuesto de Contrata ascende á cantidade de 49.471,02 € (corenta e nove mil catrocentos sesenta e un euros con dous céntimos).

O prazo de execución que se estima no Proxecto Técnico é de 1 (un) mes

O secretario sinala que antes de proceder ao inicio da execución das obras deberá obterse o dictamen da Comisión de seguimento do PEPRI aos efectos de posibles condicionados que se poidan establecer na execución das obras.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do servizo a empresa MILCONS, S.L, autorizando un gasto polo importe de 49.471,02 euros, que deberá executar as obras de conformidade co Proxecto aprobado aínda que cos seguintes condicionantes:

- 1.- As tapas das arquetas na zona incluída dentro da delimitación do Casco Antigo deberán presentar acabado superficial de pedra, non de fundición como se proxectan.
- 2.- Antes do inicio da execución das obras deberá terse en conta o dictamen da Comisión de seguimento do PEPRI en canto a posibles condicionados que se poidan establecer sobre a citada execución.

BOLSAS DE TRABAJO PARA CUBRIR TRANSITORIAMENTE PRAZAS DESTINADAS A AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta por parte do secretario da proposta da alcaldía relativa a aprobación dunhas bolsas de traballo para cubrir transitoriamente prazas destinadas a Auxiliar de axuda no fogar en casos de ausencias ou vacantes, en tanto non se proceda definitivamente a cobertura do posto de traballo, sendo o seu contido o seguinte:

A) BOLSAS DE TRABAJO PARA CUBRIR TRANSITORIAMENTE PRAZAS DESTINADAS A AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.

1. Convócanse procedemento para crear unha bolsa de traballo e cubrir prazas destinadas a Auxiliar de axuda no fogar a través do sistema de acceso de concurso.

2. A adxudicación das prazas aos aspirantes aprobados efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 6ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, **RDL** 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

II. CONDICIÓN E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto pola Lei 17/93, do 23 de decembro, e Real Decreto 543/2001, do 18 de maio, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumprimentos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de graduado escolar, ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- e) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- f) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

III. INSTANCIAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.

1. Os aspirantes deberán presentar instancia, na forma prevista no artigo 70 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, na que soliciten participar nas probas selectivas e manifesten que cumpren todas e cada unha das condicións xerais de capacidade esixidas na base 2 desta convocatoria, exceptuando as recollidas nos puntos d), e) e f), que haberán de acreditarse posteriormente.

Os documentos que han de achegarse para acreditar que se cumpren as condicións indicadas na base 2 (apartados a, b e c) son os seguintes:

a) Documento Nacional de Identidade ou documento de identificación do país comunitario correspondente.

b) Título esixido ou resgardo de aboar os dereitos pola súa expedición.

Á instancia haberán de achegarse as certificacións e documentos xustificativos dos méritos alegados polos interesados. A documentación deberá presentarse en fotocopia compulsada. Non

serán tidos en conta os méritos que non estean xustificados polo documento correspondente ou fotocopia compulsada do mesmo presentado dentro do prazo de admisión de instancias.

2. A presentación de instancias poderá efectuarse no Rexistro do Concello de Ribadavia ou en calquera das formas que prevén o artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia.

3. O prazo de presentación das instancias será de 10 días naturais, que comezará a contar dende o día seguinte á publicación do extracto das bases da convocatoria en dous diarios de maior difusión da provincia.

4. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa instancia. O domicilio que figura na solicitude, ou no seu caso que se sinala para tal efecto, considérase o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante, tanto os erros na súa consignación como a non comunicación de calquera cambio de domicilio.

5. Os aspirantes que non presenten a súa instancia no Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia, haberán de anunciar a presentación da instancia de participación nas probas selectivas mediante copia desta e do resguardo de aboar os dereitos de exame por fax enviado o mesmo día da súa presentación no rexistro administrativo ou Oficina de Correos de que se trate.

6. De conformidade co establecido no art. 71 en relación co art.59.6. b) da citada Lei 30/92 do 26 de novembro, se a instancia non reunise os requisitos esixidos ou non se achegasen os documentos previstos nestas Bases, requirírase os interesados para que, no prazo de 3 días hábiles, presenten reclamación, emenden a falta, ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que se, así non o fixesen teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada en termos previstos no artigo 42.1 da citada Lei.

IV. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia, no prazo máximo de 3 días, ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión, no seu caso, das causas da exclusión e a composición do tribunal que ha de xulgar o proceso selectivo. A devandita Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e expresará os lugares en que se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, sinalando un prazo de tres días hábiles para a subsanación; así como o lugar en que se publicarán os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo.

2. Transcorrido o devandito prazo, o Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia ditará resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, resolvendo así mesmo, as reclamacións presentadas fronte á lista provisional. A publicación da devandita Resolución efectuarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia.

3. Contra a exclusión do aspirante poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia e, no seu caso, directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente.

V. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ás prazas convocadas.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Funcionario ou persoal laboral fixo do Concello designado polo Alcalde .

-Funcionario ou persoal laboral fixo designado polo Alcalde, coa mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

-Funcionario ou persoal laboral fixo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal Laboral do Concello.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

No caso que non haxa funcionarios ou persoal laboral fixo no Concello con coñecementos específicos das prazas convocadas, poderá solicitarse o nomeamento de funcionarios/persoal laboral fixo a outros Concellos, Deputación ou Xunta de Galicia.

O Tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, podera designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

3 Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 29 da citada Lei 30/92, do 26 de novembro, cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base VI. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

VI. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 9 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1 Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,10 puntos ata un máximo total de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas ou como autónomo na praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,05 puntos ata un máximo total de 1 punto.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A.2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,40 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 0,80 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.3. Outros Méritos. Estar en posesión de:

- Por Masters ou Cursos de Postgrao, sempre que se atopen relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por unha Administración Pública, Universidade ou organismo oficial, ata un máximo de 3 puntos, baremándose do seguinte xeito:

- Master ou cursos de postgrao ata 400 horas: 1 puntos.

- Master ou curso de postgrao de máis de 400 horas: 2 puntos.

- Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos

- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos

- Curso de especialización: 0,60 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

B.1 Experiencia profesional.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual ou similar contido fóra do ámbito da Administración Pública xustificarse:

No caso de servizos prestados por conta allea, achegando os seguintes documentos:

- * Contrato de traballo ou certificación da empresa correspondente ao período que se alega.
- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de servizos prestados por conta propia, achegando os seguintes documentos:

* Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas de cada un dos anos en que se estivera en situación de alto no mencionado imposto.

* Certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde consten período e grupo de cotización, salvo aqueles colectivos profesionais que estean exentos desta cotización, o que deberá acreditarse de forma fidedigna.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificarse:

* Achegando a documentación indicada nos parágrafos precedentes.

* Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Dependencias ás que estean adscritos os devanditos postos.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

- Nos tres apartados do punto 1 do baremo, para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados no punto A.3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

3. Entrevista Curricular. O obxecto da entrevista curricular fundamentase na necesidade de definición do perfil do aspirante co requerido para o posto de que se trate e consistirá en preguntas relacionadas coas funcións do posto ofertado. A valoración da entrevista é de 0 a 3 puntos.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

2.- Parados de longa duración con cargas familiares.

3.- Persoas con discapacidade.

4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.

5.- Solicitante de maior idade.

VII. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.

c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.

d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

Os que dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do seu exame se deducise que carecen dalgúns dos requisitos sinalados na base II, non poderá ser nomeado persoal laboral temporal e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade que, no seu caso, puideren incorrer por falsidade na instancia.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

VIII. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 30/1992, e 26 da LRJ-PAC.

2. No non previsto nas bases anteriores rexerá por a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así cono o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras

básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

ANEXO 1

Denominación da Praza: Bolsa de traballo para Auxiliar de axuda no fogar

Titulación: graduado escolar ou equivalente.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....
provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rua.....
nº.... piso..... C.Postal.....calidade..... Municipio..... Provincia.....
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a creación duna bolsa de traballo para cubrir o posto de Auxiliar de axuda no fogar.

DECLARO:

- 1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia,..... de..... 2009.

ANEXO II DECLARACION RESPONSABLE.

D/a..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa.....
núm..... piso..... C.P..... Localidade.....Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO: Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2009".

O ALCALDE

Ribadavia, 26 de xaneiro de 2009.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación das bolsas de traballo para cubrir transitoriamente prazas destinadas a Auxiliar de axuda no fogar.

TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE LICENZA DE AUTO-TAXI

Dase conta por parte do secretario do escrito presentado por César Beldrón Dos Santos con data de RE 20.01.09 e nº RE 612 relativo a solicitude de transmisión de licenza de auto-taxi. Comprobado que se cumpren os extremos do art. 14 do RD de 16 de marzo de 1979 polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos, interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros autoriza a transmisión por parte de don Manuel Carral Arias titular da licenza nº 3 de auto-taxi relativa ao vehículo 6515GBP a favor de don César Beldrón Dos Santos. Os efectos de que surta efecto o presente acordo e de acordo co establecido no artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de autotaxi e demais vehículos de aluguer, o interesado deberá aboar a cantidade de 2.404,04 euros.

TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE LICENZA DE AUTO-TAXI

Dase conta por parte do secretario do escrito presentado por Juan José Álvarez Amaro con data de RE 22.01.09 e nº RE 714 relativo a solicitude de transmisión de licenza de auto-taxi. Comprobado que se cumpren os extremos do art. 14 do RD de 16 de marzo de 1979 polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos, interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros autoriza a transmisión por parte de don José Pérez Fernández titular da licenza nº 4 de auto-taxi relativa ao vehículo 4594BNW a favor de don Juan José Álvarez Amaro. Os efectos de que surta efecto o presente acordo e de acordo co establecido no artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de autotaxi e demais vehículos de aluguer, o interesado deberá aboar a cantidade de 2.404,04 euros.

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmiento”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro e Don Miguel Angel Calvo Salve, executada pola empresa Norvial S.L. por un importe total de 25.812,37 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 25.812,37 euros..

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Norvial S.L., pola mesma cantidade.”

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse á Resolución do Instituto Galego de Consumo do 26 de decembro do 2008 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás Entidades Locais para a realización de actividades relacionadas coas

oficinas de información aos consumidores para o ano 2009, solicitando subvención por importe de 18,838,28 euros, segundo a memoria que se acha no expediente”.

“O abeiro da Orde do 26 de decembro de 2008 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse á Orde do 26 de decembro de 2008 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais.

2º.- Presta a aprobación a memoria das obras de acondicionamento de espazo público e parque infantil.

3º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.”

“O abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras polas que se conceden axudas aos Concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do habitat , a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse á Orde do 16 de xaneiro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras polas que se conceden axudas aos Concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do habitat.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.”

COMUNICACIÓN DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS.-

Polo concelleiro de servizos don José Ignacio Gómez Pérez informase de que mantivo unha conversa telefónica solicitando que os técnicos de educación comprobasen a estrutura do polideportivo do Colexio de cara a detección a posibles fallos estruturais. A este respecto deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local acorda por unanimidade dos seus membros solicitar da Consellería de Educación a comprobación da estrutura do polideportivo do Colexio de cara a detección a posibles fallos estruturais.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO